



O equipo, chamado "Fish", permite obter datos de forma continúa

Investigadores alemáns e vigueses deseñan de forma conxunta unha innovadora tecnoloxía para estudar os fondos mariños

Supón un importante aforro de tempo e diñeiro sobre os métodos tradicionais



D. Besadío | Vigo

Obter información precisa das características que posúen os sedimentos da Plataforma Continental de Galicia é o obxectivo da Campaña Oceanográfica "Pergamon" na que, durante 16 días, once investigadores das universidades de Bremen e Vigo, van analizar polo miúdo os fondos mariños dun dos ecosistemas costeiros de maior produtividade biolóxica e elevada importancia económica.

A campaña, que hoxe parte do Porto de Vigo, realizarase a bordo do buque oceanográfico Poseidon da universidade alemá de Bremen, e nela vaise ultimar un novo equipo deseñado en colaboración polos investigadores alemáns, coordinados polo profesor Tilo Vo Dobeneck, e os membros do grupo

Vilas e Dobeneck, no centro, cos colaboradores vigués Geoma, Xeoloxía Mariña e Ambiental, baixo a dirección do profesor Federico Vilas Martín, xestor do Plan Nacional de Ciencias da Terra do Ministerio de Ciencia e Innovación.

O novo equipo, ao que os investigadores denominan case familiarmente, "fish", é aínda un prototipo e está en fase de perfeccionamento, se ben todas as probas realizadas indican que suporá un considerable aforro de tempo e, por tanto, de diñeiro, respecto ao método que tradicionalmente se ven empregando durante as campañas de prospección en xeoloxía mariña.

O "fish" permite tomar mostras sen parar o barco

Esta nova tecnoloxía consiste nun mecanismo que é arrastrado pola popa do barco cun cable e as súas correspondentes conexións, de maneira que quede soamente a uns centímetros do leito mariño. A súa configuración técnica permite ir detectando durante o traxecto do barco sinais de certos minerais e elementos químicos que forman parte da composición do sedimento dos fondos. Isto confírelle unhas características moi vantaxosas para prospeccionar os fondos de maneira continua, é dicir, os resultados obtéñense sen parar o barco e sen a extracción de mostras mediante dragas, tal e como se fai polo método tradicional, "que consiste en ir parando o barco en moitos puntos para extraer as mostras e trasladalas posteriormente aos laboratorios, onde se analizan e obteñen os resultados", explica o profesor Vilas Martín. "É unha técnica totalmente nova e a súa principal vantaxe é, sen dúbida, a de poder obter os datos dos fondos de forma continúa", insiste o profesor alemán Tilo Von Dobeneck, que acudiu a Vigo en compañía doutros seis membros do seu equipo.

As primeiras probas co equipo fixéronas o pasado mes de setembro na Ría de Vigo a bordo do buque Arao, un pequeno barco do Instituto de Investigacións Mariñas "pero, neste caso, cada vez que se nos atascaba, debido a que atopaba algún obxecto na ría, como antigas nasas ou similares, podíamos parar o barco e ir a recollelo, pero agora, ao levalo a máis de cen metros de profundidade, e nun barco grande as dificultades son maiores", explica a profesora Belén Rubio, unha das integrantes viguesas da expedición.

Unha campaña enmarcada no proxecto Europrox

Por outra parte, as actividades enmárcanse no programa europeo Europrox, en "Ciencias da Terra" o que permite que alumnos graduados participen e lles sirva de aprendizaxe para o seu desenvolvemento como futuros investigadores neste campo da oceanografía.

As sondaxes que se realizarán durante a campaña, na que se inclúen perforacións longas que poden alcanzar os seis metros, permitirán tamén a obtención de datos que, entre outra información, axudarán a coñecer a evolución do clima ao longo da historia e as súas implicacións para a valoración do quentamento global e a variabilidade climática.

"O banco de Galicia é unha zona extraordinariamente privilexiada e del podes sacar moita información de procesos actuais e información antiga con relación á apertura do Atlántico....", engade Federico Vilas.

Unha colaboración que ven de longo

Outro dos integrantes da expedición, o profesor Daniel Rey, especializado no estudo das propiedades magnéticas dos fondos mariños, foi o primeiro en contactar co grupo alemán, con quen coincidiu nun congreso internacional. Disto xa fai varios anos e, dende entón, as colaboracións entre ambos grupos foron constantes.

"Todos somos sedimentólogos e son múltiples os campos nos que traballamos conxuntamente. Compartimos experiencia e coñecementos

nun área de traballo que está pouco coñecida, xeoloxicamente falando”, subliña Federico Vilas. Ao tempo, o profesor Tilo Von Dobeneck, que mantén contactos con grupos de investigación de multitude de países, explica a importancia que ten para un científico o intercambio constante de coñecementos entre expertos de diferentes nacionalidades.

Na maior parte dos casos non é primeira vez que visitan Vigo, fixérono en setembro para probar o “Fish”, e outro dos integrantes alemáns, Till Hanebuth, comenta que visitou Galicia hai dous anos, se ben naquela ocasión, “pódese dicir que non pisei terra, pois estivemos navegando durante dúas semanas, iso si, cada vez que albiscábamos terra podiamos apreciar que a paisaxe era extraordinaria”. Ademais, o profesor Tilo Von ten participado no tribunal de varias teses que se presentaron no grupo Geoma.